


Manuel María ^{os eidos} **lúa**
club lectura Pintor de Castinande

Novena



X cabodano uxío
xabrega

V cabodano manuel maría


III ROTEIRO MÚSICO - POÉTICO Á LUZ DA LÚA
a morte non é certo...

TERRA CHA

VENRES, 7 - AGOSTO - 2009

fiandeira namorada

música



pena da virxe



cadairas



tuba

b
a
c
h

trompa

MANUEL MARÍA

Alfonso fixo unha presentación da figura de Manuel María e Luis agasallounos ca lectura do poema que o da Terra Chá enviou ás amizades polo Nadal de 2002, **Canción da incenteza misteriosa.**

Todos os anos, Manuel María enviaba unha composición poética como felicitación do Nadal; a lida, foi a derradeira.



contra
vento
e marea

C
E
L
S
O
S
E
M
I
L
I
O

NOVONEYRA A A A



O CARRO


Non canta na Chá ninguén,
por eso o meu carro canta,
canta o seu eixo tan ben
que a señardade me espanta.

Non hai canto tan fermoso:
fino coma un asubío,
anque é, as vegadas, saudoso
faise no ar rechouchío.

O meu carro é cerna dura:
sábese carballo e freixo.
¡Que fermosa e a sua feitura!
¡Que lixereza a do eixo!

As cousas vanse aledando
por onde meu carro pasa.
¡Carrétame herba pro gando!
¡Traime a colleita pra casa!





Lois Pereiro

Lois Pereiro

canción de Orfeo



castro das penas



ARXEMIL

CURROS





Como ti vas pra lonxe
i eu vou pra vello,
un adiós, Mariquiña,
mandarche quero,
que a morte é o diaño
i anda rondando as tellas
do meu tellado.

Carmeliña

[illegible]

A miña aldea...



Dóio-me de dór ferida,
que antes tiña vida enteira
e hoxe teño media vida.

Non me roubaron, traidores,
¡ai!, uns amores toliños,
¡ai!, uns toliños amores.

Que os amores xa fuxiron,
as soidades viñeron...
de pena me consumiron.

a xustiza pola man

Aqués que tén fama de honrados na vila,
roubáronme tanta brancura que eu tiña;
botáronme estrume nas galas dun día,
a roupa de cote puñéronma en tiras.

Nin pedra deixaron en donde eu vivira;
sin lar, sin abrigo, moréi nas curtiñas;
ó raso cas lebres dormín nas campías;
meus fillos..., ¡meus anxos...!, que tanto eu quería,
¡morreron, morreron ca fame que tiñan!

Quedéi deshonrada, mucharonme a vida,
fixéronme un leito de toxos e silvas;
y en tanto, os raposos de sangue maldita,
tranquilos nun leito de rosas dormían.

-¡Salvádeme, ou, xueces!- berréi...¡Tolería!
De min se mofaron, vendéume a xusticia.
-Bon Dios, axudaime- berréi, berréi inda...
Tan alto que estaba, bon Dios non me oíra.

Entonces, cal loba doente ou ferida,
dun salto con rabia pillei a fouciña,
rondei paseniño... ¡Ne as herbas sentían!
I a lúa escondíase, i a fera dormía
cos seus compañeiros en cama mullida.

Mireinos con calma, i as mans estendidas,
dun golpe, ¡dun soio!, deixéinos sin vida.
I ó lado, contenta, senteime das vítimas,
tranquila, esperando pola alba do día.

I estonces..., estonces cumpréuse a xusticia:
eu, neles; i as leises, na man que os ferira.

Rosalía de Castro





O meu país
é verde e nevoento,
é saudoso e antergo,
é unha terra e un chan.
O meu país,
labrego e mariñeiro,
é un recuncho sin tempo
que durme nugallán.

Que quece na lareira,
aló na carballeira
bota a rir.
É unha folla no vento,
alento e desalento,
o meu país.

O meu país,
tecendo a sua historia,
muiñeira e corredoira
agocha a sua verdá.
O meu país,
saúda ao mar aberto,
escoita o barlovento
e ponse a camiñar

Cara metas sin nome
van ringleiras de homes
e sin fin.
Tristes eidos de algures,
vieiros para ningures,
o meu país.

O meu país
nas noites de invernía
dibuxa a súa agonía
nun vello en un rapaz.
O meu país,
de lenda e maruxías,
agarda novos días
marchando de vagar.

Polas corgas i herdanzas
Nasce e morre unha esperanza
no porvir.
E unha folla no vento,
alento e desalento,
o meu país.

Letra: Xoan Manoel Casado
Música: Miro Casbella







cova da vella



Oscinís



balada galega







CANCIÓN PRA CANTAR TODOS OS DÍAS

Hai que defender o idioma como sexa:
con rabia, con furor, a metrallazos.
Hai que defender a fala en loita rexa
con tanques, avións e a puñetazos.

Hai que ser duros, peleóns, intransixentes
cos que teñen vocación de señoritos,
cos porcos desertores repelentes,
cos cabras, cos castróns e cos cabritos.

Temos que pelexar cos renegados,
cos que intentan borrar a nosa fala.
Temos que loitar cos desleigados
que desexan matala e enterrala.

Seríamos, sen fala, unhos ninguén,
unhas cantas galiñas desplumadas.
Os nosos inimigos saben ben
que as palabras vencen ás espadas.

O idioma somos nós, povo comun,
vencello que nos xungue e ten en pé,
herencia secular de cada un,
fogar no que arde acesa a nosa fe.

Manuel María, *Canciós do lusco ó fusco*.



*Din os sonos
e os paxaros...
a morte non é certo.*



Lingua proletaria do meu pobo
eu faloo porque si, porque me gusta
porque me peta e quero e dame a gana
porque me sae de dentro, alá do fondo
dunha tristura aceda que me abrangue
ó ver tantos patufos desleigados,
pequenos mequetrefes sen raíces
que ó pór a garabata xa non saben
afirmarse no amor dos devanceiros,
falar a fala nai,
a fala dos abós que temos mortos,
e ser, co rostro erguido,
mariñeiros, labregos da linguaxe,
remo e arado, proa e rella sempre.

Eu faloo porque si, porque me gusta
e quero estar cos meus, coa xente miña,

perto dos homes bos que sofren longo
unha historia contada noutra lingua.

Non falo prós soberbios,
non falo prós ruíns e poderosos,
non falo pra os finchados
non falo pra os valeiros,
non falo pra os estúpidos,
que falo prós que agoantan rexamente
mentiras e inxusticias de cotío;
prós que súan e choran
un pranto cotián de volvoretas,
de lume e vento sobre os ollos núos.
Eu non podo arredar as miñas verbas de
tódolos que sufren neste mundo.
E ti vives no mundo, terra miña,
berce da miña estirpe,
Galicia, doce mágoa das Españas,
deitada rente ó mar, ise camiño...

CELSE EMILIO FERREIRO



metamorfose

Rosa Machado

Galicia, docemente, está ollando ó mar...







ნოღაზრეზ - ჟეგ-ი-ზ

Friedrich Wilhelm

Nietzsche





AMOR FEROMÓNICO

A estrume me arrecendes, miña amiga;
a estrume con orballo á fin do inverno.
Estrume, palla verde, margarida...
¡A gloria me arrecende o teu alento!

A estrume me arrecendes, ¡oh, belida!;
a mexado colchón secando ó vento,
a pozo do purín no mediodía,
a cheirume de silo lamacentos.

Oreallas con olor de auga chocosa,
legañas verde moco que che escorren,
poutas que de fozar están pringosas.

Dende este meu cortello gris e podre
esquecerme non podo da borrosa
pátina color merda que te cobre.

cocho porquiño



merci

7 - Agosto - 2009